Estimouse correcta a documentación administrativa presentada por tres das empresas admitidas, non presentándose por parte da empresa Hordescón S.L. a documentación non avaliable. Á vista da oferta presentada polas catro empresas admitidas e resultando que segundo as devanditas ofertas a empresa Hordescón S.L. non resultaría ser a adxudicataria, por tratarse da oferta máis alta, proseuiuse co procedemento, acordando requirir a presentación da documentación non avaliable, no suposto de que resultase ser adxudicataria, caso no que de non presentala no prazo que se concedese ao efecto resultaría excluída.

A oferta presentada polas empresas admitidas resultou ser a seguinte:

Empresas	Control documentación técnica (cumpre/noN cumple)	Ofertas económicas (con IVE incluído)
Hordescón S.L.	Non cumple. Non presenta documentación técnica.	67.865,69 €
Construcciones Cazás S.L.	Cumple	67.276,00 €
Desarrollos y Metas S.L.	Cumple	55.660,00 €
Carferlo S.L.	Cumple	52.030,00 €

Comprobada a inexistencia de oferta anormalmente baixa, procedeuse ao outorgamento de puntuación segundo o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

Empresas	Puntos
Hordescón S.L.	76,67
Construcciones Cazás S.L.	77,34
Desarrollos y Metas S.L.	93,48
Carferlo S.L.	100

Resultando que a mellor oferta, segundo o referido, é a oferta da empresa Carferlo S.L., A Mesa de Contratación emitiu proposta de adxudicación do contrato a favor da empresa "Carferlo, S.L.", coa seguinte oferta:


Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
43.000,00 €	9.030,00 €	52.030,00 €

A Xunta de Goberno Local , por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requiritr á empresa "Carferlo, S.L.", con CIF núm. B-27.227.388,

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0027 Data: 03/07/2018



Cod. Validación: 9GMX7GSPAXQWGT9F5PLRRZQRP | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 20

para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares, para o que se lle outorga un prazo de sete días hábiles a contar dende o envío da comunicación do requirimento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

6.- LICENZAS URBANISTICAS.

EXPTE. 1229/2017.- PRÓRROGA DE LICENZA.

Visto escrito presentado en data 13 de febreiro de 2017 (nº de rexistro 2017-E-RC-747), por D. Vicente Rolle Rodríguez con domicilio a efectos de notificación en Barral, n.º 9- San Pedro, en Viveiro, mediante o que solicita prórroga para o remate das obras do expediente URB/302/2013, para facer cercado da finca no polígono 37, parcela 1026, no lugar de Pedrouzos, San Pedro, amparadas pola licenza concedida o día 31 de xaneiro de 2014, de referencia catastral 27067 A7010260000XU.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

"INFORME DO ARQUITECTO

exp: 1229_2017
Vicente Rolle Rodríguez

SOLICITUDE DE PRÓRROGA FINALIZACIÓN DE OBRAS

Expediente: **URB_302_2013**
Facer cercado de finca no polígono 37, parcela 1026. Lugar
Pedrouzos, San Pedro
Promotor: **Vicente Rolle Rodríguez**

NORMATIVA APLICÁBEL:

Figura de planeamento municipal aplicábel	Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.
---	---

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:

A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza 7

Atendendo á normativa aplicábel, emítese **INFORME FAVORÁBEL** á solicitude de prórroga de finalización das obras autorizadas polo acordo de concesión de licenza de obras da Xunta de Goberno Local de 31 de xaneiro de 2014, (data de comunicación do acordo 21 de febreiro de 2014)."

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

"Expediente: 1229/2017

Procedemento: Prórroga de remate de obras de cercado de finca autorizadas por licenza municipal (expediente URB/302/2013)

INFORME XURIDICO E PROPOSTA DE RESOLUCION

Visto o escrito rexistrado de entrada no Concello en fecha 13 de febreiro de 2017 asinado por ROLLE RODRÍGUEZ VICENTE, de solicitude de prórroga de remate das obras de cercado da finca sita no polígono 37, parcela 1026, de referencia catastral 27067 A7010260000XU en San Pedro, autorizadas mediante licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en fecha 31 de xaneiro de 2014 e notificada ao interesado o 21 de febreiro do mesmo ano

Visto o informe favorable dos servizos técnicos municipais de fecha 22 de febreiro de 2017

Vista a lexislación aplicable á solicitude do interesado (artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de dita lei) que permite aos municipios conceder prórroga dos prazos da licenza, logo da solicitude expresa e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, sen que cada prórroga que se solicite poida ser por prazo superior ao inicialmente acordado

Visto que no presente caso cúmprense as previsións legais en materia de concesión de prórroga de prazos de execución das obras, esta asinante **INFORMA FAVORABLEMENTE** a prórroga solicitada que, en ningún caso, poderá ser superior a tres anos contados dende a data do seu outorgamento, polo que as actuacións autorizadas deberán atoparse rematadas - como máximo - o día 31 de xaneiro de 2020."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Vicente Rolle Rodríguez, prórroga de remate das obras, que en ningún caso poderá exceder de tres anos; o remate total das obras deberá ter lugar, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2020,

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 5653/2017.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.

Visto escrito presentado en data 3 de outubro de 2017 (nº de rexistro 2017-E-RC-8159), por D. Andrés González Vidal con domicilio a efectos de notificación na rúa Purísima, n.º 13, Celeiro, en Viveiro, mediante o que solicita prórroga para a rehabilitación de vivenda de acordo coa documentación técnica que obra no expediente, consistente no proxecto básico e de execución, así como modificacións na distribución interior contidas nos planos denominados A-01M e A-02M, para a rehabilitación de vivenda sita en Rúa Irmans Vilar Ponte, n.º 14, amparadas pola licenza concedida o día 7 de outubro de 2014.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

"INFORME PRORROGA DE LICENCIA DE OBRA EN EDIFICIO SITO EN IRMANS VILAR PONTE Nº 14

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0027 Data: 03/07/2018



Cod. Validación: 9GMX7GSPAXQWGT9F5PLRRZQRP | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 20



Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

EXPTE.: URB/82/2014

SOLICITANTE: ANDRÉS GONZÁLEZ VIDAL

SITUACIÓN: IRMANS VILAR PONTE Nº 14

DATA CONCESIÓN LICENCIA: 07/10/20104

Segundo solicitude presentada con data 3 de outubro de 2017 por D. Andrés González Vidal, con domicilio en Rúa Purísima 13- Celeiro para a obtención de prórroga de licencia de obra, INFORMO:

- 1.- Que con data 10 de abril de 2017, solicítase licencia de obra para rehabilitación de vivenda segundo proxecto básico e de execución realizado polo arquitecto Luis Eijo Valle.
- 2.- Que con data 7 de outubro de 2017 concédese licencia de obra para a execución dos traballos de acordo coa documentación técnica que obra no expediente, consistente no proxecto básico e de execución así como modificacións na distribución interior contidas nos planos denominados A-01M e A-02M.
- 4.- Que no prazo transcorrido entre a concesión de licencia e a solicitude de prórroga, non houbo cambio de normativa de aplicación.
- 5.- Que o prazo máximo de obra concedido na licencia de obra é de 3 anos.
- 6.- Que se fai visita de inspección para a comprobación de que as obras están comenzadas e non rematadas. Verifícase que a obra está comenzada e non rematada.
- 7.- Que segundo a Lei do Solo de Galicia no seu artigo 145.2, no que di textualmente " Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licencia, previa solicitude expresa, sempre que a licencia fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá ser por prazo superior ó inicialmente marcado", a prórroga concédese por 3 anos.
- 8.- Que como a edificación está iniciada, concédese a prórroga condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente. No caso concreto desta edificación a fachada principal deberá manter a composición das fachadas das edificacións colindantes, colocando ademais a carpintería de madeira a faces exteriores, así como o enfoscado e pintado de toda a fachada. As pautas para o enfoscado e pintado deberán ser supervisadas pola oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro."

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

"INFORME XURIDICO SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA OBRA EN EDIFICIO SITO EN IRMANS VILAR PONTE N 14

Expte: 5653/2017

Solicitante: Andrés González Vidal.

De conformidade co establecido nos artigos 172 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES:

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada en data 7 de outubro de 2014, adoptou acordo de concesión de licenza municipal para a rehabilitación de vivenda de acordo coa documentación técnica que obra no expediente, consistente no proxecto básico e de execución, así como modificacións na distribución interior contidas nos planos denominados A-01M e A-02M, para a rehabilitación de vivenda sita en Rúa Irmans Vilar Ponte, n.º 14, a favor de D. Andrés González Vidal.

2º.- Que se notificou en prazo ao interesado o acordo mencionado no apartado anterior, documento con Rexistro de saída núm. 5974, de data 13 de outubro de 2014, documentación que obra no expediente núm. URB/28/2014 deste concello.

3º.- O 3 de outubro de 2017, o interesado D. Andrés González Vidal, presenta soliditude de Prórroga de licencia de obra, con número de Rexistro de entrada: 6159/2018. Acompaña a seguinte documentación:

.- Notificación de acordo de concesión de Licencia de obras expediente núm. URB/28/2014

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0027 Data: 03/07/2018



Cod. Validación: 9GMX7GSPAXQWGT9F5PLRRZQRP | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 20

deste concello.

4º.- O 19 de outubro de 2017, Dona Irene Fernández Cora, emite informe técnico sobre a solucitude de prórroga da licenza de obra que nos ocupa, do seguinte tenor literal:

"Segundo solicitude presentada con data 3 de outubro de 2017 por D. Andrés González Vidal, con domicilio en Rúa Purísima 13- Celeiro para a obtención de prórroga de licenza de obra, INFORMO:

1.- *Que con data 10 de abril de 2017, solicítase licenza de obra para rehabilitación de vivenda segundo proxecto básico e de execución realizado polo arquitecto Luis Eijo Valle.*

2.- *Que con data 7 de outubro de 2017 concédese licenza de obra para a execución dos traballos de acordo coa documentación técnica que obra no expediente, consistente no proxecto básico e de execución así como modificacións na distribución interior contidas nos planos denominados A-01M e A-02M.*

4.- *Que no prazo transcorrido entre a concesión de licenza e a solicitude de prórroga, non houbo cambio de normativa de aplicación.*

5.- *Que o prazo máximo de obra concedido na licenza de obra é de 3 anos.*

6.- *Que se fai visita de inspección para a comprobación de que as obras están comenzadas e non rematadas. Verifícase que a obra está comenzada e non rematada.*

7.- *Que segundo a Lei do Solo de Galicia no seu artigo 145.2 , no que di textualmente " Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prorroga. Cada prorroga non poderá ser por prazo superior ó inicialmente marcado", a prórroga concédese por 3 anos.*

8.- *Que como a edificación está iniciada, concédese a prórroga condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente. No caso concreto desta edificación a fachada principal deberá manter a composición das fachadas das edificacións colindantes, colocando ademáis a carpintería de madeira a faces exteriores, así como o enfoscado e pintado de toda a fachada. As pautas para o enfoscado e pintado deberán ser supervisadas pola oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro. "*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMERO. De acordo con el artículo 145.1 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, en el acto de otorgamiento de la licencia de edificación se determinarán los plazos de caducidad por causa de demora en la iniciación y finalización de las obras, así como por causa de interrupción de las mismas.

En su defecto, el plazo de iniciación no podrá exceder de seis meses y el de terminación de tres años, desde la fecha de su otorgamiento, no pudiendo interrumpirse las obras por tiempo superior a seis meses.

SEGUNDO. La Legislación aplicable es la siguiente:

— El artículo 145 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.

— El Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana, aprobado por el Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre

— El artículo 21.1.q) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local.

— El Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre Visado Colegial Obligatorio.

— Instrumento de planeamiento vigente en el Municipio.



TERCERO. Conforme al artículo 143.2 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia las peticiones de licencia se resolverán en el plazo de tres meses, a contar desde la presentación de la solicitud con la documentación completa en el registro del ayuntamiento.

El artículo 143.1 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia establece que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades o derechos que contravengan la ordenación territorial o urbanística. Asimismo, es necesario tener en cuenta el artículo 11.4 del Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana, aprobado por el Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, el vencimiento de dicho plazo máximo sin notificación expresa de la resolución legitimará al interesado para entender desestimada su solicitud por silencio administrativo. Este artículo 11.4 dispone lo siguiente:

«Con independencia de lo establecido en el apartado anterior, serán expresos, con silencio administrativo negativo, los actos que autoricen:

a. Movimientos de tierras, explanaciones, parcelaciones, segregaciones u otros actos de división de fincas en cualquier clase de suelo, cuando no formen parte de un proyecto de reparcelación.

b. Las obras de edificación, construcción e implantación de instalaciones de nueva planta.

c. La ubicación de casas prefabricadas e instalaciones similares, ya sean provisionales o permanentes.

d. La tala de masas arbóreas o de vegetación arbustiva en terrenos incorporados a procesos de transformación urbanística y, en todo caso, cuando dicha tala se derive de la legislación de protección del dominio público»

En ningún caso podrán entenderse adquiridas por silencio administrativo facultades o derechos que contravengan la ordenación territorial o urbanística.

CUARTO. Os Concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licencia, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado. Consta no informe técnico de data 19 de outubro de 2017 que non houbo cambio na normativa de aplicación, polo que se deduce que é concorde coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

En edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación seña rematada exteriormente. Asimesmo, consta no expediente que se fixo visita de inspección para comprobación e que se VERIFICA que as obras están comenzadas e non rematadas.

QUINTO. Procedimento a seguir:

A. Vista a solicitude presentada por GONZALEZ VIDAL ANDRES, para a concesión da Prórroga da Licenza de Obras de data 7 de outubro de 2014, será necesario informe dos Servicios Técnicos Municipales para determinar a adecuación da prórroga da licencia.

B. A competencia para resolver o expediente será da Xunta de Goberno Local en virtud de delegación 2015.

C. Resolto o expediente será notificado ao interesado.

Na solicitude de prórroga da Licenza de obra de data 7 de outubro de 2014, otorgada a Don Andrés González Vidal, concurren os requisitos previstos na Lei do Suelo de Galicia vixente, toda vez que a solicitude formulase de xeito expreso, e a petición de prórroga foi informada





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

de favorablemente polo técnico municipal e co visto e prace do arquitecto municipal en data 19 de outubro de 2017, o que acredita que se cumpre igualmente a esixencia realtiva á conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

Resultando que concorren tódalas esixencias legais e regulamentarias para acceder ao solicitado, este Servizo formula a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

PRIMEIRO.- Conceder a DON ANDRES GONZALEZ VIDAL, unha prórroga de **TRES ANOS**, para o remate das obras autorizadas pola licenza concedida o 7 de outubro de 2014, pola Xunta de Goberno Local para a rehabilitación de vivenda segundo proxecto básico e de execución que obra no expediente, sita en Rúa Irmáns Vilar Ponte núm. 14 deste concello.

SEGUNDO.- Condicionar a concesión desta prórroga, a que a edificación seña rematada exteriormente, cos seguintes condicionamentos específicos por estar situada no casco histórico:

- A fachada principal deberá manter a composición das fachadas das edificacións colindantes, colocando ademáis a carpintería de madeira a faces exteriores, así como o enfoscado e pintado de toda a fachada. As pautas para o enfoscado e pintado deberán ser supervisadas pola oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

TERCEIRO.- Notificar ao interesado o acordo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Andres González Vidal, unha prórroga de TRES ANOS, para o remate das obras autorizadas pola licenza concedida o 7 de outubro de 2014, pola Xunta de Goberno Local para a rehabilitación de vivenda segundo proxecto básico e de execución que obra no expediente, sita en Rúa Irmáns Vilar Ponte núm. 14 deste concello.

Segundo.- Condicionar a concesión desta prórroga, a que a edificación seña rematada exteriormente, cos seguintes condicionamentos específicos por estar situada no casco histórico:

- A fachada principal deberá manter a composición das fachadas das edificacións colindantes, colocando ademáis a carpintería de madeira a faces exteriores, así como o enfoscado e pintado de toda a fachada. As pautas para o enfoscado e pintado deberán ser supervisadas pola oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

7.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 3918/2018.- RELACION DE OBRIGAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández,

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0027 Data: 03/07/2018



Cod. Validación: 9GMX7GSPAXQWGT9F5P1RRZQRP | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 20

coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3918/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2753/2018.- OBRIGAS SEN PROPOSTA

Visto o expte 2753/2018 respecto a gastos realizados antes da entrada en vigor da LCSP, nos que consta a presentación de factura, informe sobre a necesidade da contratación, e informe de intervención no que se indica que "procede a tramitación do expediente, non obstante, maniféstase a disconformidade por non ter aprobada previamente a proposta de gasto".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen no expediente 2753/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2758/2018.- OBRIGAS SEN PROPOSTA

Visto o expte 2758/2018 respecto a gastos realizados antes da entrada en vigor da LCSP, nos que consta a presentación de factura, informe sobre a necesidade da contratación, e informe de intervención no que se indica que "procede a tramitación do expediente, non obstante, maniféstase a disconformidade por non ter aprobada previamente a proposta de gasto".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen no expediente 2758/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2765/2018.- OBRIGAS SEN PROPOSTA

Visto o expte 2765/2018 respecto a gastos realizados antes da entrada en vigor da LCSP, nos que consta a presentación de factura, informe sobre a necesidade da contratación, e informe de intervención no que se indica que "procede a tramitación do expediente, non obstante, maniféstase a





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

disconformidade por non ter aprobada previamente a propsota de gasto”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen no expediente 2765/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:00 horas do 2 de xullo de 2018, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretaria Xeral, dou fe.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0027 Data: 03/07/2018



Cod. Validación: 9GMX7GSPAXQWGT9F5PLRRZQRP | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20